

## LEMBRANZA DO VELLO PROFESOR

Víctor Fernández Freixanes

Correspóndeme falar en primeiro lugar para glosar unha figura rica, complexa, cunha obra extensísima, da que de seguro darán cumprida noticia os compañeiros de corporación que me van suceder no uso da palabra. Estamos a falar dunha personalidade extraordinariamente activa, con nove décadas de existencia, crónica dun século poderíamos dicir, que é coma un poliedro onde escintilan luces diversas, caras diferentes e, non obstante, complementarias.

Mais na miña opinión, de entre esa diversidade de luces, unha sobrancea sobre todas as demais, sen cegar as outras, mais realzándoas e potenciándoas: Filgueira Valverde profesor. Deste aspecto da súa personalidade, que a min me parece fundamental, é do que vou falar

Advirto xa de primeiras que non vou ser obxectivo. Eu fun alumno do “señor Filgueira”, como lle dicíamos todos daquela, na década dos anos 60, máis concretamente entre o ano 1961, que ingresei no Instituto de Ensino Medio, ata o ano 1968 en que rematei o que entón se denominaba curso Preuniversitario para ir estudar Filosofía e Letras á Universidade de Santiago de Compostela. E aínda podería dicir que mesmo de antes, pois fun escolino tamén da preparatoria: a preparatoria do Vexel, onde impartían aulas don Luís e don Jorge, e termaba de todos nós nos recreos o señor Vilariño. De seguro que nesta sala hai hoxe persoas que viviron esta etapa igual que quen lles fala.

Dicía Max Aub que un non é exactamente de onde nace, senón de onde estuda o bacharelato. Referíase o escritor, que naceu en París, fillo de pais de ascendencia xudía e alemá, e que veu con once anos residir a Valencia, que a formación das persoas afínca sobre todo nese período clave que é a adolescencia e que coincide cos anos do bacharelato, ou polo menos do antigo bacharelato, que para a miña xeración empezaba nos dez anos e remataba máis ou menos nos dezasete: con catro reválidas, unha de ingreso, outra para pasar do grao medio ao grao superior, outra para confirmar o grao superior e aínda unha cuarta (a selectividade) para acceder ás aulas universitarias.

Pois ben, entre o ano 1961 e o ano 1968 eu fun alumno do Instituto de Pontevedra e, por tanto, alumno do profesor Filgueira Valverde.

Non vou presumir de que estivese entre os alumnos predilectos. Nunca fun sinalado con atencións que outros gozaron, sen dúbida merecidamente: alumnos

colaboradores do Museo, por exemplo, bolseiros no verán nas escavacións arqueolóxicas da Lanzada ou de Caldas de Reis, membros do Coro de Cantores do Instituto, que viaxaba daquela por toda España e mesmo polo estranxeiro, tampouco do grupo de Teatro, nin dos equipos deportivos... Digamos que era un alumno de base. Como tal pode falar.

Xosé Fernando Filgueira Valverde, a quen este ano a Real Academia Galega homenaxea dedicándolle o Día Grande das Letras, foi fundamentalmente un docente, un profesor.

Son moitos os seus méritos, abondosa a súa produción como polígrafo e investigador, como animador cultural de moi diversas institucións e empresas, todas ao servizo da cultura galega e, moi especialmente, ao servizo da cidade de Pontevedra, á que podemos dicir que dedicou a súa vida; mais por riba de todas, se tivese que escoller unha, repito, eu sobrancearía a súa dimensión docente. Nas aulas e fóra das aulas.

Un profesor exerce como tal na cátedra e alén da cátedra: cando programa e participa en actividades cívicas e culturais, diseña estratexias complementarias para os seus alumnos, abre fiestras ao coñecemento (ou á curiosidade) alén do establecido nos currículos escolares, prepara materiais didácticos, imparte conferencias, escribe artigos de divulgación, fala na radio ou na tribuna, redacta folletos, organiza seminarios, anima equipos de estudo, ou mesmo cando desenvolve as máis diversas actividades públicas.

O profesor Filgueira Valverde, que estudou Dereito en Santiago e licenciouse en Filosofía e Letras pola Universidade de Zaragoza (dobre titulación, como tantos outros compañeiros da súa xeración), nunca pensou en exercer a primeira carreira. Ingresou no corpo docente de ensino medio no ano 1928, como profesor axudante interino no Instituto de Pontevedra; opositou despois ás probas de profesorado de Institutos (Lingua e Literatura Españolas) en 1933; o 14 de maio de 1935 gañou a cátedra de Instituto por oposición, co número 2, con destinos primeiro en Barcelona e axiña en Lugo, onde reside ata outubro de 1939, e incorpórase á fin nesta data ao Instituto de Pontevedra, cátedra que exerce ininterrompidamente ata a súa xubilación en 1976. Dende 1944 en funcións e dende 1946 con carácter oficial era tamén director do Instituto.

Así o recordo eu nos meus anos de alumno nese centro docente. Tamén era alcalde de Pontevedra, dende 1959 ata 1968, en que solicitou o cese; e director do Museo dende 1940, director do Tribunal de Menores, numerario da Real Academia Galega dende 1941, correspondente da Real Academia Española, director da sección de Literatura do Instituto Padre Sarmiento, vogal do Padroado da Misión Biolóxica de Galicia, presidente da editorial Bibliófilos Gallegos, comisario local das Escavacións Arqueolóxicas, procurador en Cortes, correspondente da Academia de

Bellas Artes de San Fernando en Madrid, presidente da Polifónica... Moi poucas cousas se movían en Pontevedra naqueles anos sen a presenza de Filgueira.

Mais fundamentalmente, repito, era o noso profesor.

Diciase de Castelao, que tamén exerceu a docencia no Instituto pontevedrés, que ía pouco á clase, pero que cando ía trazaba unha liña de xiz no encerado e quedaba explicada a perspectiva. Co profesor Filgueira sucedía algo parecido. Viña bastante á clase, relativamente bastante, debo dicir, para o que lle permitían as súas múltiples ocupacións, pero o seu programa non sempre cadraba co establecido. Falaba de Rosalía de Castro, por exemplo. Máis da Rosalía de *Follas Novas* que da Rosalía dos *Cantares*, por certo. Falaba da *Crónica Troiana*, do péndulo de Hegel (para explicar a dialéctica histórica dos distintos estilos artísticos e literarios), das kharxas medievais, que emparentaba coas nosas Cantigas de Amigo, da paxariña de Armenteira, do ouro dos Castros, “cando Galicia era a California de Occidente”, dicía; da pintura de Úbeda e de Laxeiro no museo, das cerámicas do primeiro Sargadelos... E mais falaba dos Beatles, exemplificación do que denominaba unha volta ao “romanticismo” estético e literario, e de Martín Codax facendo “bolos” polos salóns da nobreza da época, na compañía de músicos e soldadeiras, igual ca hoxe os cantantes de moda. Estas cousas impresionaban e deixaban pegada nas mentes dos rapaciños que eramos daquela.

Aplicaba a metodoloxía que no seu día promovera a Institución Libre de Enseñanza: abrirse ao mundo, tendendo pontes entre as máis variadas disciplinas. O coñecemento é un sistema de vasos comunicantes, onde todo ten relación con todo. Cando en 1962 lles deron o Premio Nobel de Fisioloxía e Medicina aos investigadores Watson, Crick e Wilkins, o profesor Filgueira, xunto co profesor Mariano García, catedrático de Ciencias Naturais, reuniu os alumnos para explicarnos o segredo do ADN (o ácido desoxirribonucleico), o principio da vida. Había ter eu once ou doce anos. Aínda me lembro da estrutura da dobre hélice no encerado e do seu nome: ácido desoxirribonucleico, pola sesión aquela do señor Filgueira e de don Mariano. Supoño que estas cousas nunca se esquecen. Coma nunca esquecín aquela outra ocasión en que tamén fomos convocados no paraninfo, co Coro do Instituto cantando en galego a Paul Claudel (traducido por Filgueira), porque disque pasaba por Pontevedra o dedo de San Frutuoso, parte das reliquias de San Frutuoso, que seica devolviamos aos irmáns de Braga, pois o arcebispo Xelmírez llelles roubara no século XII, nese capítulo que os libros de historia titulan o “Pío Latrocinio”. O dedo de San Frutuoso!

Un profesor, repito, é un activador emocional e intelectual, avivador de curiosidades, sobre todo neses anos da adolescencia, os anos de bacharelato aos que se refería Max Aub, que marcan para sempre as nosas vidas.

Na obra de Teatro para Rapaces que Filgueira Valverde publica en 1935, *Agromar*, co pseudónimo (ou heterónimo) de J. Acuña, xa enxergamos unha concepción moi clara desta dimensión docente aplicada á literatura, que se concibe coma un complemento ou ferramenta de traballo nas aulas. A proposta, como salientaron nalgunha ocasión os meus compañeiros Ferro Ruibal e Fina Casalderrey, é un exemplo de modernidade: concepción do teatro como estrutura aberta, participativa (dos actores, do director, do autor do texto, do escenógrafo, mesmo dos espectadores) e mais ferramenta didáctica para argumentar e discutir, no espírito de “irmandade” que entón sabía pregoar o galeguismo: *agromar* coma descuberta do mundo e da nosa realidade.

Nos textos desa obra monumental de divulgación erudita que o profesor Filgueira titulou *Adral*, evocando por certo non só o espazo común da parroquia dos vivos (o presente) e a parroquia dos mortos (a memoria), mais tamén aquela publicación primeira dos anos mozos, realizada con pseudónimo nos días de estudante en Compostela (1925), xunto con Lois Tobío e Lucho Bouza Brey, da que saíron uns poucos números a ciclostil; en varios limiares introdutorios aos volumes de *Adral*, digo, Filgueira Valverde explica as orixes de moitos destes artigos como pequenas xoias da máis variada erudición: “apuntamentos de clase”, advirte, “notas que naceron para ordenar o discurso pensando nos alumnos”, mais que logo desenvolvía nas páxinas do xornal ou nas conferencias, outro xénero que o profesor practicou xenerosamente.

Quero dicir que a dimensión docente, na figura que nos ocupa, é inseparable de todos os outros aspectos da súa personalidade e condiciona, ou mellor dito, enriquece e orienta as súas múltiples e aparentemente dispersas actividades: dispersión que no fondo non é máis ca un intento constante por actuar dende todas as fronteas posibles sobre o grupo social, en distancias curtas (as aulas) ou en espazos máis abertos (o espazo público). Luces diversas dun mesmo poliedro. Vasos comunicantes.

Na vella tradición galeguista moitos profesores deixaron pegada. Na formación do profesor Filgueira, se cadra mesmo na súa vocación de profesor, el mesmo reconece a de Antón Lousada Diéguez (acaso o primeiro de todos), e mais a de Casto Sampedro Folgar e a de Castelao en Pontevedra, xunto con Armando Cotarelo xa en Santiago, que había ser o director da súa tese de doutoramento sobre a *Cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval* (1936), defendida na Universidade de Madrid. Xermán Torres de Aboal estudou documentadamente esta dimensión do profesor Filgueira. Lembremos nesta mesma tradición, ademais dos citados, a Otero Pedrayo, Vicente Risco, Álvaro de las Casas, Antón Fraguas, Xaquín Lorenzo, Aquilino Iglesia Alvariño, Isidoro Millán, Avelino Pousa Antelo, Xosé María Álvarez Blázquez..., ou mesmo outros máis novos que están entre nós:

Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín..., guieiros ou sementadores, cada quen na súa especialidade e mesmo con diversa orientación, que axudaron a formar a consciencia galega de varias xeracións.

Dixen ao primeiro que a miña intervención tiña, inevitablemente, un aquel subxectivo do que non me podía (nin me quería librar). Os profesores, os primeiros mestres, sobre todo nese período da adolescencia e o bacharelato, son (seguen sendo hoxe) o principio que explica o mundo.

E quero rematar cunha anécdota persoal.

Na miña infancia pontevedresa, nos primeiros anos 60, a lingua galega tiña un espazo moi concreto: os mariñeiros que apanaban a area no Lérez, a señora Filomena que viña vender o leite nunha burriña polas casas dende a parroquia de Xeve e, se acaso, a música das tabernas, esa música que xa se perdeu e que acompañaba nas tardiñas de inverno a nosa volta á casa dende o Instituto da Alameda: a música dos Catro Gatos, os Maristas, o Parvadas, a de Lores, a de Fidel, a Navarra, as Tres Ventanas... Xa non se escoita a música das vellas tabernas, que era a música popular que seguramente emocionaba a Perfecto Feijoo e a don Casto Sampedro.

A lingua galega, na nosa infancia, pouco máis era. Se cadra tamén pouco menos.

Un día, o señor Filgueira chegou á clase cun mangado de folios, pousounos enriba da mesa e dixo: “Aquí está a Guerra de Troia, a historia do cabalo que enganou os troianos, a intelixencia de Ulises, a cólera de Aquiles, o sacrificio de Héctor, os amores de Paris e de Helena...”. Se cadra non o dixo exactamente con estas palabras. Pero pousou os folios e explicounos que no século XIV, na antiga vila de Betanzos, alguén mandara escribir en lingua galega aquela historia, que para nós, rapaciños da Pontevedra dos primeiros anos 60, eran as películas de Hollywood que poñían no cine Vitoria os domingos ás tres e media da tarde, unha peseta a entrada de xeneral.

Lembro perfectamente o momento da revelación, que como en tantas outras ocasións viña fóra de programa. A guerra de Troia estaba escrita en galego dende había seiscentos anos!

De súpeto, a vella lingua nosa deixou de ser a lingua ventureira da señora Filomena, a lingua dos mariñeiros da area, a lingua da música do meu tío Saturno, para abrirse diante dos nosos ollos coma unha labarada, coma un abano de luz, unha epifanía. Sen deixar de ser da señora Filomena, dos mariñeiros do Lérez, lingua popular da música das tabernas, as vellas palabras nosas entraron de súpeto nun universo distinto, se cadra tamén no conflito (e nas contradicións) da modernidade; e o rapazolo que eu era aínda se segue a formular a mesma pregunta: que pasou no noso país, que catástrofe profunda sacudiu a nosa xente, que cataclismo sufriu a nosa historia, para que aquela lingua de reis e de poetas, a lingua dos Cancioneiros, a lingua de don Afonso X e de Pai Gómez Chariño, a lingua

na que un día tamén falaban Helena, Paris, Odiseo, Patroclo e Aquiles, perdese a memoria de tal xeito que nin os meus pais, nin os meus avós, nin os meus veciños, nin o meu tío Saturno tal cousa soubesen. E a pregunta segue aberta, na procura de vontades e accións eficaces que modifiquen a situación. Tal é a pegada que, mesmo sen querer, deixa ás veces unha palabra, un simple aceno, a información que aparentemente de pasada fai unha profesora ou un profesor: un mangado de folios pousados enriba da mesa.